



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "AS DUNAS"

Rúa Gondomar nº 9, 36340 Nigrán

Tel/Fax: 986380120 / 665832640

eei.dunas.panxon@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eedunspanxon/>



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS DE ALUMNAS E ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un/unha pai/nai/titor/a legal**, dun total de dous que debe ter o Consello Escolar. A segunda praza seguirá ocupada pola mesma persoa que foi asignada pola ANPA no ano 2020.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir desta data estará a disposición de ser consultado. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 13:30hs do día 15 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Dirección do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 13:30 hs do día 17 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o día 17 de novembro, ás 9:00 da mañá. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá do 22 ao 24 de novembro, ambos días inclusive. O día 24 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados, cando menos, pola firma de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Centro o día **25 de novembro, de 08:45 a 13:30 hs.**
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor e titora legais do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Panxón, 9 de novembro 2021.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asinado: Sonia Célix Fernández.

